



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 64 /2019

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A FUNDACIÓN
MANUEL MARÍA DE ESTUDOS GALEGOS PARA AS REPRESENTACIÓNS DA OBRA DE
TEATRO GAÑADORA DO I CERTAME MANUEL MARÍA DE PROXECTOS TEATRAIS**

Na Coruña a 18 de xuño de 2019.

REÚNENSE:

Dona Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área en representación da Deputación Provincial da Coruña.

E da outra, Dona Saleta Goi García, presidenta da Fundación Manuel María de Estudos Galegos, en nome e representación de dita entidade e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 18 dos seus estatutos .

As partes teñen plena capacidade para levaren adiante este convenio e,

MANIFESTAN:

1. A Deputación da Coruña ten asignadas entre as súas competencias a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura, en virtude do art. 118.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

2. A Fundación Manuel María de Estudos Galegos é unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, que ten como obxecto xeral a conservación e difusión da obra de Manuel María e a promoción da cultura galega en xeral.

A Fundación foi constituída perante notario mediante escritura outorgada o 20 de marzo de 2007. Foi declarada de interese galego mediante Orde da Consellaría de Cultura e Deporte de 11 de Xuño de 2007 (DOG nº 122, de 26 de xuño). A Consellaría de Cultura e Deporte exerce o protectorado sobre ela, conforme á Orde da Consellaría de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza de 22 de maio de 2007(DOG nº 103 de maio de 2007). Figura inscrita no Rexistro Único de Fundacións co número 2007/06.

3. A figura de Manuel María foi fundamental para a restauración da lingua e literatura galegas nos anos da posguerra, sendo o primeiro autor novo que publicou un libro en galego tras a guerra civil (Muiñeiro de brétemas, 1950). O seu corpus literario comprende máis de cen obras de poesía, narrativa e teatro. A súa obra poética constitúe un dos territorios creativos máis ricos da literatura galega. A súa obra foi recoñecida con numerosos premios, entre os que destacan o Premio Otero Pedrayo - que outorgan as catro deputacións galegas-, o Pedrón de Ouro, o premio Celanova, casa dos poetas, e o premio Irmandade do Libro, así como o título de Fillo Adoptivo de varias cidades e vilas e Fillo Predilecto da súa vila natal, Outeiro de Rei. No ano 2003 entrou na Real Academia Galega, cargo para o que xa fora proposto en 1968 polos académicos Xosé María Álvarez Blázquez, Fermín Bouza-Brei e Francisco Vales Villamarín. No ano 2016 a RAG designouno como o autor ao que se lle dedicou o Día das Letras Galegas.

4. O recoñecemento público de Manuel María como poeta non debe ocultar o seu abondoso e acertado cultivo do teatro. O escritor chairego, consciente do seu valor didáctico, deixounos escritas nada menos que 36 pezas dramáticas de moi distinto formato (farsas, autos, pezas infantís...) e de temática moi variada, que o converten nun dos dramaturgos galegos máis prolíficos. Estas circunstancias fan aconsellábel a colaboración mutua das institucións públicas e privadas para a difusión deste importante legado literario.

5.- O día catorce de agosto de dous mil dezaioito, ambas as dúas institucións, asinaron un protocolo de colaboración para difundir a obra de Manuel María e no que se determinaron formalmente as actuacións que van desenvolver para a realización do Certame Manuel María de Proxectos Teatrais e para a promover posteriormente a representación da obra gañadora entre o público galego. Na cláusula terceira prevese a vixencia do dito protocolo ata que se teña fallado o Certame e se coñeza a compañía gañadora, a partir do que será substituído polo correspondente convenio.

6.- A Fundación Manuel María achegou a certificación da concesión do premio ao traballo presentado pola compañía Teatro da Ramboia realizado sobre o texto de Manuel María O meu mundo non é deste reino ou Farsa de Bululú.

En cumprimento da cláusula terceira do mencionado protocolo é polo que, ambas as dúas institucións, asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio é promover a representación da obra gañadora do Certame Manuel María de Proxectos Teatrais entre o público galego.

SEGUNDA.- Obrigas das partes.

Para acadar a finalidade expresada na cláusula anterior, as partes representadas comprométense nas seguintes actuacións:

a) FUNDACIÓN MANUEL MARÍA DE ESTUDOS GALEGOS:

- Facer constar a colaboración da Deputación en tanta publicidade se realice do mencionado premio.
- Realizar unha achega económica de 2.000 euros, en concepto de premio, á compañía gañadora de dito premio condicionada á realización do proxecto presentado.

b) A DEPUTACIÓN DA CORUÑA:

- Promover unha programación teatral na que se inclúan tres representacións da obra O meu mundo non é deste reino ou Farsa de Bululú, que resultou gañadora do 1º Certame Manuel María de Proxectos Teatrais , convocado pola Fundación no ano 2018.
- Contratar coa compañía Teatro da Ramboia as mencionadas funcións no transcurso do ano 2019, en tres concellos que se han designar pola Deputación.
- Financiar íntegramente o caché da compañía, máis impostos, así coma os custos adicionais de representación, o que supón un importe total de 2.540 euros.
- Facer constar na cartelería e publicidade en xeral que a obra representada resultou ser proxecto gañador do Certame Manuel María de Proxectos Teatrais.

TERCEIRA.- Financiamento.

A Deputación da Coruña imputará o custo total das tres representacións, por un importe de 7.620 euros, á aplicación orzamentaria 0612.3343.22609 do Orzamento do ano 2019.

CUARTA.- Xustificación.

A Fundación Manuel María acreditará o cumprimento das obrigas asumidas na cláusula segunda, mediante a achega dunha certificación acreditativa do pago do premio e de documentos nos que conste a publicidade da colaboración da Deputación.

QUINTA.- Causas de resolución.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión.

SEXTA.- Xurisdición.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestión litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

SÉPTIMA.- Vixencia.

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2019, sen prexuízo de que as actuacións mencionadas sexan as realizadas dende o 14 de agosto de 2018, data da sinatura do protocolo.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e sométense ao acordado en todas as cláusulas.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da presidencia de data 22 de maio de 2019.

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación Provincial da Coruña

Pola Fundación Manuel María

Dona María Goretti Sanmartín Rei

Dona Saleta Goi García

**O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. José Luis Almau Supervía